

RESOLUCIÓN SOBRE A CONCESIÓN DE PRÓRROGAS INDIVIDUAIS A EXPEDIENTES DA MEDIDA 19 (LEADER) DO PDR DE GALICIA 2014-2020

Submedidas 19.4A (gastos correntes) e 19.4B (animación)

ANUALIDADE 2019

I.- Antecedentes

O 06/05/2019 o director xeral da Agader emitiu as resolucións sobre a autorización aos GDRs para os gastos correntes ou de funcionamento (submedida 19.4A) e para a autorización do importe máximo para gastos de animación (submedida 19.4B), con cargo á anualidade 2019.

II.- Fundamentos legais e técnicos

- Acordo do Consello de Dirección de Agader do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección, publicado mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016 (DOG núm. 42, do 2 de marzo).

-Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se resolve a convocatoria sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia, así como sobre a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

- Convenios de colaboración do 13 de decembro de 2016 entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e os grupos de desenvolvemento rural seleccionados, mediante acordo do 16 de novembro de 2016 do Consello de Dirección de Agader, para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida Leader de Galicia, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.



-Acordo do Consello de Dirección de Agader do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas ao abeiro da medida 19 (LEADER), cofinanciadas con FEADER no marco do programa do PDR de Galicia 2014-2020, publicado mediante a Resolución do 29 de decembro de 2016 (DOG núm. 12, do 18 de xaneiro de 2017).

- Resolucións do director xeral da Agader, do 06/05/2019 sobre a autorización aos GDRs para os gastos correntes ou de funcionamento (submedida 19.4a) e para a autorización do importe máximo para gastos de animación (submedida 19.4b), con cargo á anualidade 2019.

- Resolución do director xeral de Agader, do 1 de outubro de 2019, pola que se modifica a data final de xustificación de investimentos correspondentes á anualidade 2019, de xeito que se amplía ata o 30 de outubro de 2018.

-Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro), que prevé a ampliación de prazos no artigo 32.

-Acordo do Consello de Dirección de Agader do 11 de xullo de 2013, que se publicou mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG núm. 148, do 5 de agosto), sobre delegación de competencias.

Tendo en conta que se constatan problemas de liquidez nos GDR, derivados de certo atraso na realización dos pagamentos a conta que derivan da xustificación dos gastos correntes (submedida 19.4A) por parte dos GDR, o que dificulta a realización dos pagamentos xustificativos nas sucesivas certificacións; que estes problemas de liquidez por parte dos GDR afectan tamén á xustificación dos expedientes de animación que aínda están en prazo de execución e xustificación, que á data de hoxe aínda non finalizou o prazo de execución e xustificación de ningún dos proxectos obxecto desta prórroga; así como que a concesión da mesma non excede da metade do prazo inicial de execución e de xustificación inicialmente concedido e que con elas non se prexudican dereitos de terceiros., cúmprense as condicións do artigo 32 da citada Lei 39/2015 para a prórroga de que se trata.

En consecuencia,

RESOLVO:

1. Emitir, de oficio, resolución de ampliación do prazo máximo para a execución e para a presentación da documentación xustificativa, ata o 30 de novembro de 2019, para os gastos correspondentes á submedida 19.4A (gastos correntes dos GDR) que por Resolucións do director xeral da Agader, do 06/05/2019, foron concretados para cada un dos GDR colaboradores da xestión de medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020.
2. Emitir, de oficio, resolución de ampliación do prazo máximo para a execución e para a presentación da documentación xustificativa, ata o 30 de novembro de 2019, para os



gastos correspondentes aos expedientes de animación (submedida 19.4B) que se indican no anexo I.

3. Notificar a resolución pola que se concede a ampliación do prazo de execución e xustificación aos interesados.
4. 4. Publicar a presente resolución na páxina web de Agader.



ANEXO I: EXPEDIENTES DE ANIMACIÓN AOS QUE SE LLE CONCEDE PRÓRROGA ATA O 30-11-2019

GDR	Expediente	Título	Promotor	Motivación	FINALIZACIÓN PRAZO
TERRAS DE MIRANDA	L19-1940-01-B130	Publicación da Tese Doutoral " O Bispo de Mondoñedo na Idade Media: Territorio, Comunidade e Poder"	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019
	L19-1940-01-B132	Impulso da comercialización e posicionamentoda marca Terras de Miranda-Turismo de Lugo	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019
	L19-1940-01-B136	Accións de promoción e divulgación da xestión do Programa Leader Polo GDR 01	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019
TERRA CHA	L19-1940-02-B114	Libro guía do territorio do GDR 2 Terra Chá	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019
MONTES E VALES ORIENTAIS	L19-1940-03-B124	Caracterización varietal das Castañas da Montaña Oriental	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019
	L19-1940-03-B126	Os cultivos de centeo para a Restauración de teitos nas Pallozas	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019
	L19-1940-03-B145	Torneo Montes e Vales Orientais. Achegamento do Baloncesto a Montaña	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019
	L19-1940-03-B148	Asesoramento a diversificación de explotacións	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019
VALDEORRAS	L19-1940-07-B091	Plan de dinamización, información e animación para a asociación GDR 7	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019
SIL BIBEI NAVEA	L19-1940-08-B115	Sinalización turística no territorio do GDR Sil-Bibei-Navea	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019
LIMIA - ARNOIA	L19-1940-10-B183	Divulgación 2019	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019
	L19-1940-10-B184	O Saber do Entroido	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019



ADERCOU	L19-1940-11-B130	Valorización y acción de sensibilización del patrimonio natural, turístico y agrario	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019
	L19-1940-11-B132	Edición libro "O Lebre" de Casarizas	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019
CONDADO PARADANTA	L19-1940-13-B156	Boletín informativo Programa Leader 2014-2020: Anualidade 2019-2020	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019
PONTEVEDRA NORTE	L18-1940-16-B014	Plan de dinamización Camiño de inverno -Fase 1	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019
	L19-1940-16-B115	Plan de dinamización implantación Sicted 2019	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019
TERRAS DE COMPOSTELA	L19-1940-19-B073	Promoción e valoración de produtos e recursos do territorio (Fase I)	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019
	L19-1940-19-B078	Plan de información e dinamización do GDR Terras de Compostela (Fase II)	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019
	L19-1940-19-B094	Plan de información e dinamización do GDR Terras de Compostela	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019
ORDES	L19-1940-21-B069	A comarca de Ordes a vista de Dron	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019
	L19-1940-21-B070	Material Promocional 2019	GDR	Falta de liquidez para afrontar pago das facturas	30-11-2019

Santiago de Compostela

O Consello de Dirección de Agader
(P.D.: Acordo do 29.12.2016)
O director xeral de Agader
(Asinado electronicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

